



CONCELLO DE CABANAS

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN REALIZADA O 26 DE OUTUBRO DE 2018.

Alcalde-Presidente:

D. Germán Castrillón Permuy (Gr.PP)

Concelleiros/as;

D. Manuel González López (Gr.PP)

D^a. Esperanza Gayoso Pereiro (Gr.PP)

D. Julián Ramón Seijas Criado (Gr.PP)

D. Javier Fernández Brage (Gr.PP)

D. Delfin Feal Pereira (Gr. Socialista)

D. Carlos Ladra Brage (Gr.Socialista)

D^a. Concepción Rodríguez Ferreiro (Gr.Socialista)

D. Iago Varela Martínez (BNG-Gr.Mixto)

D^a. María Eva García Amor (AEC-Gr.Mixto)

D. Xosé Manuel Pérez Sardiña (PDDdG-Gr.Mixto)

Secretario-Interventor:

D. Antonio López Vila.

No salón de sesións da Casa do Concello de Cabanas, sendo as catorce horas e dez minutos do día vinte e seis de outubro de dous mil dezaioito, reúnense en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde don Germán Castrillón Permuy, os señores/as concelleiros/as que se relacionan á marxe, ao obxecto de realizar sesión extraordinaria do Pleno da Corporación, e coa asistencia do Secretario-Interventor titular don Antonio López Vila, que da fe do acto.

Unha vez comprobada a existencia de quórum para a válida constitución do Pleno, o Sr. Presidente declara aberta e

pública a sesión, e procédese a trata-los asuntos incluídos na Orde do Día.

1.- ADXUDICACIÓN CONTRATO OBRA “RENOVACIÓN DA INSTALACIÓN DO ALUMEADO PÚBLICO NO ENTORNO DO PIÑEIRAL DA PRAIA DA MADALENA”.

Visto que con data 21 de agosto de 2018, o Pleno da Corporación aprobou o proxecto técnico da obra “Renovación da instalación do alumeado público no entorno do piñeiral da praia da Madalena”, segundo proxecto redactado polo arquitecto D Joaquín Leal Rodríguez e o enxeñeiro industrial D. Pablo Pazos García, cun orzamento de licitación de 489.286,62 euros e 102.750,19 euros de iva, o que importa un total de 592.036,81 euros, así como, o expediente para a contratación da obra, mediante procedemento aberto simplificado, con varios criterios de adxudicación, e tramitación ordinaria, convocar a súa licitación, autorizar o gasto e aprobar o Prego de cláusulas administrativas que rexerá o contrato.

Visto que en data 22 de agosto de 2018 procedeuse á publicación no Perfil do Contratante da Plataforma de Contratos do Sector Público do Anuncio de licitación, o Prego de Cláusulas Administrativas, proxecto da obra a executar, así como demais documentación contractual do expediente administrativo.

Visto que rematado o prazo de presentación de proposicións solicitaron a súa participación vinte e catro empresas.

Visto que en data 18 de setembro de 2018 procédese á publicación no Perfil do Contratante da Plataforma de Contratos do Sector Público anuncio relativo á convocatoria da Mesa de Contratación para, en acto público, proceder á apertura do Sobre Único na licitación da obra “Renovación da instalación do alumeado público no entorno do piñeiral da praia da Madalena”.

Visto a Acta da Mesa de Contratación de data 20 de setembro de 2018, na cal, unha vez constituída, dáse conta das ofertas presentadas na licitación, acordándose a exclusión da empresa



CONCELLO DE CABANAS

Reboben González S.L. por presentar a oferta fora de prazo. Despois de proceder á apertura dos sobres e comprobación da documentación presentada, acórdase requirir as empresas Trenasa S.A., Técnica Norte de Electricidad S.L., Tecnored S.A., Electricidad Permuy S.L., Elecnor S.A., Imesapi S.A., Sielvigo S.L., S3 Systems&Solutions S.L. e Técnicas Eléctricas Acebre S.L., para que subsanen o modelo de proposición presentado, outorgando un prazo ao efecto de tres (3) días hábiles. Despois de ver as ofertas presentadas, obsérvase que as empresas S3 Systems & Solutions S.L. e Nitulux S.A. presentan ofertas anormalmente baixas, polo que se lles outorga un prazo de cinco (5) días hábiles para a presentación da xustificación da mesma, adxuntando a documentación sinalada na cláusula 15.4.4 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, para a posterior emisión de informe técnico ao respecto, de acordo coa regulación contida no punto 15.4.3. do devandito Prego.

Visto a documentación xustificativa achegada polas mencionadas empresas, a Mesa de Contratación en data 17 de outubro de 2018, acorda excluír a empresa Trenasa S.A. por non axustarse ao modelo establecido no Prego de cláusulas administrativas.

Visto o informe técnico municipal en relación coa documentación xustificativa achegada polas empresas S3. Systems&Solutions S.L. e Nitulux S.A. por ofertas anormalmente baixas; sobre a xustificación presentada pola empresa S3 Systems & Solutions S.L. ,o técnico municipal, conclúe que considera non xustificada a baixa con valor anormal ou desproporcionado presentada, non correspondéndose a documentación achegada para a xustificación da súa oferta, basicamente coa requirida no apartado 15.4.4. do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerán a contratación da obra “Renovación da instalación do alumeadado público no entorno do piñeiral da praia da Madalena”; en canto a xustificación presentada pola empresa Nitlux S.A. o técnico municipal, conclúe que considera non xustificada a baixa con valor anormal ou desproporcionado presentada pola empresa Nitlux S.A., non correspondéndose a documentación achegada para a xustificación da súa oferta, basicamente coa requirida no apartado 15.4.4. do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerán a contratación da obra “Renovación da instalación do alumeadado público no entorno do piñeiral da praia da Madalena”. Á vista do anteriormente exposto a Mesa de Contratación acorda por unanimidade excluír ás empresas S3 Systems Solutions S.L. e Nitlux S.A. por non xustificar adecuadamente as ofertas anormalmente baixas, segundo Informe técnico municipal emitido ao efecto.

Unha vez excluídas as empresas mencionadas anteriormente a Mesa de Contratación procede a cualificación e puntuación das ofertas segundo os criterios establecidos no Anexo IV do Prego de Cláusulas Administrativas, co seguinte resultado por orde decrecente de puntuación:

Empresa licitadora	Oferta económica Max 40 p	Redución prazo execución Max.35 p	Incremento prazo garantía Max. 25 p	Puntuación total Max 100 p
Técnica Norte de Electricidad S.L.	40,00	35,00	25,00	100,00
Ute O3 Servicios y Contratas S.L.- Manuel Novoa Castro S.L.U.	39,03	35,00	25,00	99,03
Grupo Mariño Obras y Servicios S.L.	36,23	35,00	25,00	96,23
Elecnor S.A.	34,05	35,00	25,00	94,05
Tecnored S.A.	32,70	35,00	25,00	92,70
Prace, Servicios y Obras S.A.	32,18	35,00	25,00	92,18



CONCELLO DE CABANAS

Sielvigo S.L.	29,83	35,00	25,00	89,83
Petrolam Infraestructuras S.L.	26,70	35,00	25,00	86,70
Endesa Energía S.A.U.	26,55	35,00	25,00	86,55
Técnicas Eléctricas Acebre S.L.	26,47	35,00	25,00	86,47
Celso Núñez S.L.	26,42	35,00	25,00	86,42
Aopil S.L.	25,00	35,00	25,00	85,00
Imesapi S.A.	21,61	35,00	25,00	81,61
Misturas S.A.	17,56	35,00	25,00	77,56
Instalaciones Eléctricas Coruñesas S.L.	14,81	35,00	25,00	74,81
Copcisa S.A.	11,16	35,00	25,00	71,16
Esqueiro S.L.	10,70	35,00	25,00	70,70
Ferrovial Servicios S.A.	10,51	35,00	25,00	70,51
Electricidad Permuy S.L.	20,46	17,50	25,00	62,96
Cía de eficiencia y servicios Integrales S.L.	16,98	17,50	25,00	59,48

Á vista do anterior a Mesa de Contratación, en cumprimento do establecido no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexen o contrato, acorda formular proposta de adjudicación en favor da empresa “Técnica Norte de Electricidad S.L.” do contrato administrativo de obra “Renovación da instalación do alumado público no entorno do piñeiral da praia da Madalena” por resultar a mellor oferta calidade-prezo, así como, que se lle requira para que presente a documentación establecida na cláusula 16 do referido Prego, e constitúa a garantía definitiva.”

Visto que o licitador proposto presentou a documentación requirida e acreditou atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como procedeu á constitución da garantía definitiva mediante aval da entidade Abanca, por importe de 18.180,17 euros, de data 24 de outubro de 2018, inscrito no Rexistro Especial de Avais co nº 370937.

Examinada a documentación presentada, e de acordo co establecido no artigo 150 e disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e, debatido o asunto o Pleno da Corporación en votación ordinaria, con nove votos a favor dos membros dos grupos, Popular, Socialista e concelleira de AEC, e dúas abstencións do concelleiro do BNG e concelleiro de PDDdG, acorda:

Primeiro. Adxudica-lo do contrato de obra “Renovación da instalación do alumado público no entorno do piñeiral da praia da Madalena”, á empresa Técnica Norte de Electricidad S.L., polo prezo de 363.603,37 euros e 76.356,71 euros de iva, o que importa un total de 439.960,08 euros, por resultar a mellor oferta presentada calidade-prezo.

O prazo de execución será de 60 días naturais dende a sinatura da acta de comprobación de reformulo. En todo caso, a obra deberá estar rematada, entregada e xustificada antes do 31 de decembro de 2018. O prazo de garantía da devandita obra será de 5 anos.

Segundo. Dispoñe-lo gasto con cargo á partida 1651.61907 do vixente orzamento de gastos.

Terceiro. Nomear como director técnico da obra ao arquitecto municipal, D. Marcos Ferreiro Suárez, así como designalo responsable do contrato, de conformidade co establecido no artigo 62 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Cuarto. Unha vez formalizado o contrato, que terá lugar non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adjudicación, o adxudicatario deberá



CONCELLO DE CABANAS

presentar o Plan de seguridade e saúde da obra, axustado ao estudo de seguridade e saúde do proxecto, para a súa aprobación polo Concello, despois do informe do coordinador de seguridade e saúde e a súa comunicación á autoridade laboral. Unha vez realizado este trámite procederase á acta de comprobación da reformulación.

Quinto. Notifica-la adxudicación a tódolos licitadores de acordo co establecido no artigo 151 do TRLCSP.

Sexto. Publicar o acordo de adxudicación no Perfil do Contratante.

Sétimo. Comunicar ao Rexistro de Contratos do Sector Público os datos básicos do contrato incluíndo a identidade do adxudicatario, o importe de adxudicación, xunto co desglose correspondente do imposto sobre o valor engadido.

A continuación a Presidencia levanta a sesión sendo as catorce horas e vinte minutos da cal estendo a presente acta, e do que eu Secretario, dou fe.

Vtº e praxe.

O Alcalde

O Secretario